



**COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA (CAMPUS VIGO-PONTEVEDRA)
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**
COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Rexistro: UVIGO 1404 N° 200304002266

Universidade de Vigo 11 de xuño de 2003

O pasado 5 de xuño os Comités de Empresa do PAS laboral reunímonos cunha parte importante do colectivo contratado a través do “Programa Labora”, as queixas e reivindicacións expresadas nesta xuntanza veñen a demostrar que gran parte deste persoal sofre unhas condicións de precariedade laboral, motivada, tanto polo incumprimento das bases do programa, como pola falta de planificación das entidades que asinaron o acordo: a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo.

Os problemas máis importantes que afectan a estes traballadores e traballadoras son:

- O non pagamento, despois de sete meses, dos 180 € da subvención para efectos do incentivo a mobilidade xeográfica.
- As precarias condicións de habitabilidade dalgúns destes postos de traballo: traballadores/as instalados en lugares de paso, catro traballadores/as compartindo unha mesa, locais de reducidas dimensións... condicións que están a incumprir flagrantemente ós mínimos recollidos na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- A ausencia de planes de formación para poder cumprir cun dos obxectivos básicos do programa: eliminar o atranco de falta de experiencia laboral. Debido a esta carencia actualmente temos persoal o que se lle encomenda a realización de tarefas ingratas e desmotivadoras como poder ser pasar unha mañá quitando grampas.
- O non recoñecemento da súa categoría profesional: FP II que están a cotizar no grupo VII.
- A carencia de dereitos que teñen o resto dos traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo como poden ser os de xornada, permisos, formación, acción social...
- A precariedade do salario que perciben, o máis baixo do legalmente establecido para cada categoría, carecendo dos complementos retributivos que este tipo de persoal están a cobrar noutras administracións.

ILMO. SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Como representantes lexítimos destes traballadores e traballadoras instámoslle a que faga as xestións pertinentes ante a entidade pagadora, a Xunta de Galicia, para que cumpra cos compromisos adquiridos, a que negocie cos Comités de Empresa a mellora das condicións laborais deste colectivo e a que dea as ordes oportunas os/as responsables das áreas e servicios que contan con persoal pertencente a este programa para que emenden de forma inmediata as carencias que estes traballadores e traballadoras están a denunciar.

Asemade, esixímoslle que namentres non se solucionen estes problemas e se realicen as pertinentes negociacións cos órganos de representación, paralice a sinatura de calquera novo acordo que implique a realización dunha segunda fase do programa “*Labora: xuventude con experiencia*”.

Polo Comité de Empresa de Ourense

Polo Comité de Empresa de Pontevedra

M^a Jesús Losada Rodríguez

Manuel Velasco Graña

ILMO. SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO